

## Intervención íntegra do voceiro de AER no pleno dos orzamentos 2014

Estase propoñendo a aprobación duns orzamentos dun xeito un tanto inaudito, empregando de xeito descarado os medios de comunicación para transmitir aos veciños como certas unhas afirmacións de transparencia e de integración de propostas nos orzamentos que non o son tanto. O día 2 de febreiro xa se puido ver na prensa escrita como presentabades a “bombo e platillo” uns orzamentos teoricamente analizados e presentados a tódolos grupos políticos. **MENTIRA. OS ARQUIVOS DEFINITIVOS FORON RECIBIDOS O VENRES 7 DE FEBREIRO.** As notas de prensa repetíronse en varias ocasións, e estades logrando o que pretendedes: manipular á opinión pública amosando uns orzamentos como definitivos e xa aprobados, cuns proxectos como o centro de día de Trasmañó ou o pavillón do Plan Marisma que o ano pasado non quixestes darlle para adiante. **Uns orzamentos que neste ano apenas contaron con tempo suficiente para ser avaliados e para realizar una correcta recolleita de novas propostas,** porque unicamente facerse eco dalgunhas demandas doutros anos pasados non é suficiente para atopar ese pretendido consenso. O debate dos orzamentos do ano 2013 non é para nada o debate dos orzamentos do 2014, as situacións son totalmente diferentes como para supor que o que se presenta ven sendo unha proposta integradora.

Estades asentados nun **teatro mediático que empregades para distorsionar a realidade ante os veciños.** Publicitades uns orzamentos como se xa estivesen aprobados...anúnciase que recollen propostas, cando non houbo tempo de reunirse nin de debater previamente os orzamentos, un orzamento que a estas alturas fíxose imposible avaliar en profundidade polo enrevesado xeito de proporcionar a información aos grupos políticos.

Creo que deberíamos chamar a atención sobre como se levou a cabo esta convocatoria do pleno dos Orzamentos, outra vez para que quede clariño:

Entregóusenos un primeiro borrador que xa ao día seguinte non tiña validez, que tivemos un segundo borrador a mediados de xaneiro, pero que non tivemos os datos da execución do orzamento do ano 2013 ata unha semana máis tarde, que só nos enviaron os gastos e tivemos que reclamar os ingresos, co seu conseguinte retraso. Que o día 7 de febreiro recibimos o borrador definitivo coa execución “definitiva” do 2013 e o resto da documentación. Que o día 11 de Febreiro convócase este pleno extraordinario. Todo coa mesma premura que se deu a concelleira de Facenda en publicitar na prensa as bondades dos seus novos orzamentos, xa que segundo palabras súas “recollían peticións de todos os grupos”.

Dende AER, dicirlle que os Orzamentos Participativos e as bases de execución xa se recollían o ano pasado, e votamos en contra deses orzamentos. Tal vez se fai memoria poderase lembrar de que esperou ao último día para incluír esta petición, dos orzamentos participativos, nas Bases de Execución dos Orzamentos. Petición recollida na base 82ª e que este ano se modificou, e a diferenza do ano pasado que supoñían o

1% do orzamento este ano supoñen o 1% “sen contar coas subvencións de capital”. Esta modificación fixérona vostedes pola súa conta, non é cousa de AER, polo tanto deberíanlla explicar aos veciños, porque **se andiveron rápidos para colgarse a medalla dos Orzamentos Participativos, tamén deberán estar áxiles para explicarlles por que agora se reduce a súa contía**, non é o mesmo repartir 166.688,54€ que repartir 185.167,21€, son 20.000 euros de diferenza, menos da metade do que van gastar en contratar o novo “Biglab”. Por certo, cando onte en Radio Redondela dicía que “nos Orzamentos Participativos deste ano daban cumprimento ás bases do ano pasado pois destinaban o 1% das achegas do Concello o orzamento o igual que este ano”; **mentía, mentía, e de forma intencionada pois sabía que foran vostedes os que modificaron a Base 82 para destinar menos diñeiro aos Orzamentos Participativos.**

Xa no primeiro pleno dos Orzamentos ao que asistiu AER, no 2012, bastante fixemos absténdonos, pasando dun orzamento de 31 millóns a 16, dixémoslles que a nosa abstención non era un cheque en branco, que iamos estar moi pendentes non só da execución orzamentaria, senón da súa forma de proceder, e ese proceder foi de mal en peor:

– Por enésima vez volvemos queixarnos dos **rexistros presentados que non reciben resposta.**

– Queixámonos de que os concelleiros non convoquen as comisións que están obrigados a convocar. Que AER solicite a súa comparecencia en pleno e acto seguido se convoquen as comisións.

– Queixámonos outra vez de que se inflen as estimacións de ingresos.

– Queixámonos de que se publicite a redución de 58.000 € en festas cando ninguén pode contrastar esa redución.

– Queixámonos de como con nocturnidade e aleivosía tentaron facer unha **recalificación de terreos de costas aos cidadáns.**

– Queixámonos de que se queira construír un novo pavillón cando se gastaron 600.000 na reforma do actual fai catro anos. É que non saben que temos parroquias con deficientes instalacións deportivas?

- Queixámonos de que o señor Alcalde se empeñe na construción do paseo marítimo de Cesantes cando o estado actual do paseo da Punta da Praia dá pena, tramo no que xa se investiron 23.000 euros no anterior plan FEDER. Tal vez o que realmente desexen é **dar lexitimidade a todas esas “casas”, “bungalows”, “caravanas” etc, que foron aparecendo de forma ILEGAL nese tramo no que se pretende facer o novo paseo.**

- Tampouco é de recibo falar de acondicionar o edificio do Centro de día de Trasmañó sen saber como vai ser o seu funcionamento. Vai ser un centro público dependente do Concello? De ser así, sabemos canto lle custaría ao Concello o seu mantemento? **Ímolo privatizar? Vai converterse nun monumento coma o de Cesantes?**

– Non entendemos que soamente se adiquen a:

1. Servizos Sociais 219.986,22€.

2. Igualdade 76.516,5.

3. Servizos de axuda o Fogar (SAF) 275.000€,

porque estas son as cantidades que resultan se excluimos as remuneracións dos funcionarios, os “gastos diversos” e o centro de Día de Trasmañó. **Non é razoable que na situación de alarma social que atravesamos pretendan facer pasar isto como un “gran gasto social”**. Tampouco nos vale que nos digan que en anos anteriores non se gastaba todo o orzamentado. Se non se gastaba, era porque eses cartos se adicaban a outras partidas ou ben porque os requisitos polos que os veciños poden acceder a estas axudas son demasiado estritos para poder acadalas; se é desta maneira, o que teremos que facer é cambialos pois non é de recibo que o SAF do ano 2013 orzamentara 310.000€, e como non se gastou todo reduzan agora 35.000€. A non ser, claro está, que Redondela sexa sitio distinto e vostedes crean que non existe tal alarma social e si moito vago. Non nos digan que non hai cartos.

Parece que os culpables de que non se aproben os presupostos somos os de AER, con menos de 900 votos e un só concelleiro e sen gobernar, somos os culpables de todo. **Estes anos, cada vez que pasa algo, é culpa de AER, parece que funciona**, ao mellor funciona tamén agora. Con respecto á reunión que tivemos, recórdolle que tivemos unha reunión, na que aínda non tiñamos a maioría dos datos que pediamos para empezar a falar, faltábanos a execución do orzamento do 2013, faltábanos o último trimestre que é onde se ve como quedou todo e canto se gastou de cada partida. Nós queriamos saber na execución do 2013 canto se gastara en cada partida. **Igual que as promesas electorais, pode ser un engano inflar unha partida se despois só se vai gastar a metade, é un carameliño para enganar a algúns**.

Na área de gasto 1 dispón vostede 7.443.611,97€. Ben, teremos en conta que 167.468,64€ corresponden a cuestións salariais, pero outras son interesantes para dispor delas segundo conveña como un Plan de obras de 113.015,78€, do que descoñecemos o contido, e que non forma parte dos orzamentos participativos nin teñen pensado consensuar.

Transferencias de crédito, ¡que invento máis bonito!. Necesario, non diremos que non, pero que pode resultar perverso. Pénsese que só nesta área de gasto falamos dun 40% do orzamento.

Temos moitas opcións de facer amigos porque dispoñemos de 119.337,67€ para alugueres, 90.000€ para vías e obras en aglomerado, áridos e formigón. Non están mal os 42.100,00€ para “transporte”.

**Nós poderíamos sentarnos a falar de orzamentos se iso supuxera un compromiso no gasto. Establecer prioridades e ter un plan consensuado de inversións. “CONSENSUADO”, no que todos saibamos o que se vai facer. Nós queremos que colectivos como Lenda cobren antes. Pero vostedes queren vía libre durante un ano para facer o que lles pete e cando lles pete.** Baixo conceptos como “outros” atopamos nesta área de gasto 39.495,56€. Son necesarios, claro que o son. Pero ... ¿como se van gastar se é que se gastan?

33.272,56 € para o “Programa de mellora de camiños municipais”. Pois miren, non estaría mal que en vez de limitarse a poñer unha cifra que nin sequera sabemos se van gastar, que nos ensinaran o plan e, por que non, os criterios cos que se elaborou (¿elaborou?) dito plan.

Calcularon o que orzamentan para “Reparacións e mantemento”? Só nesta área de gasto son 150.306,15€. E son dos que se gastan bastante axustados. Aínda que descoñecemos como se adxudican, porque parece que non interesa a ninguén. Cústanos entendelo pero debe ser porque non entendemos de política.

Porque, e isto vai para todos, **“NÓS ENTENDEMOS QUE NON SÓ IMPORTA O QUE SE FAI, SENÓN QUE REIVINDICAMOS A IMPORTANCIA DE COMO SE FAI”**. Por iso reivindicamos a máxima transparencia e rendición de contas sen ter que andar detrás de cada partida de gasto.

Para rematar con esta área de gasto temos 2.040.000,00€ de traballos realizados por outras empresas. Sabemos que a parte importante non dependeu da súa xestión, pero ... ¿que estamos a facer nese senso?. **Como enfocamos o trato cos servizos privatizados?. Porque ese parece un tema que require de moitísimo coidado. Esperamos que neste 2014 teñamos as contas máis claras e poidamos determinar se merece a pena pagar o que se paga.**

Pero aínda temos a área de gasto 2 con 1.942.516,32€ que “só ven a ser o 24 %” e temos que descontar 703.726,60€ do cap. 1 referente a salarios e complementos, co que nos quedamos en 1.238.789,72€. Estamos a falar de Asistencia a persoas dependentes, Emprego, Igualdade, Prestación desempregados, Servizos sociais e Xuventude. Pero que ninguén pense que eses 1.238.789,72€ son para as persoas. Porque aínda temos cousas que descontar como alugueres e compras varias polo que nos quedaremos con 660.198,71€, se descontamos tamén os 537.144,98€ que van ao Centro de Día de Trasmañó e así, segundo vostedes, xa quedaría contento o BNG. O que non explican é quen se vai facer cargo do mantemento, do persoal, etc. 275.000,00€ son para o SAF, que está ben pero ... O ano pasado tivemos 310.000,00€ por un lado dos que se autorizaron 179.630,01 cunhas obrigas recoñecidas de 168.858,48.

Tamén é certo que debemos engadir 77.220,46€ doutra partida de (NON USAR). Sumando as dúas teríamos 256.850,47 de 310.000 orzamentados. ¿Que nivel de execución vai ter esta partida?

Así pois, temos 385.198€ para todo o demais, entre o que deberíamos destacar uns 55.000€ para EMPREGO dos cales 10.000€ son de asistencia técnica e o resto en ... formación.

¡XA ESTA BEN!. Teñen algún proxecto de emprego? Queren que o fagamos xuntos ou queren dispor de partidas.

Por outra parte dicir que non estamos seguros de ata que punto realmente queren vostedes aprobar estes Orzamentos. Porque **se nos coñecen, saben que nos con estas présas e con informacións de última hora non funcionamos, nin tragamos. Se**

**realmente queren aprobalos xa nos contarán que as se gardan na manga. Por se non teñen ningún triunfo gardado, propoñémoslle que retiren esta proposta e o deixen para dentro dun mes para así poder de verdade ver se somos capaces de consensuar algo, e non o que xa conseguimos por parte de AER nos orzamentos anteriores.**

Nós non creemos que Redondela sexa o “país das marabillas” que vostedes din que están “construíndo” pero posto que algún dos seus simpatizantes pensa que AER é como Aladino, dicirlles que se queren poden frotarnos e pedir tres desexos, pero seguiremos votando que non a esta pantomima.